



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Existe unha serie de investimentos no Orzamento definitivo do 2025, cuxo financiamento é compartido entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lousame, nos que o crédito relativo á achega municipal, non foi consignado no Orzamento:

AG	Econ.	Investimento	Importe	Concello	Outras AAPP
1532	61900	Pista de Fruime a Silvarredonda. Anualidade 2025	37.836,27	6.566,63	31.269,64
1532	61900	Acceso a Valdueira (Berrimes)	48.399,37	14.519,81	33.879,56
160	60900	Saneamento en Gandarela	33.431,25	6.686,25	26.745,00
333	63200	Equipamento cultural CT211B	13.009,00	1.300,90	11.708,10
TOTALIS			132.675,89	29.073,59	103.602,30

Segundo: O obxecto da presente modificación orzamentaria é dotar a achega municipal deses investimentos, por importe de 29.073,59 €, grazas a baixas en aplicacións orzamentarias do capítulo 1 do Estado de Gastos do Orzamento definitivo 2025.

Terceiro: Estas aplicacións estimanse reducibles, ao tratarse de prazas vacantes cuxa cobertura definitiva, de ter lugar neste ano 2025 (posto que aínda non están convocados os procesos selectivos), produciríase a finais do exercicio; tendo en conta o momento temporal no que nos atopamos.

Á vista do anterior

DISPOÑO:

Primeiro: Incoar o correspondente expediente de modificación de créditos núm. **17/2025** modalidade **suplemento de crédito**, mediante o que se dotará crédito para o financiamento dos gastos antes especificados.

Segundo: Que pola Secretaría-Intervención se emitan os informes oportunos para levar a cabo a anterior modificación orzamentaria núm. **17/2025**.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais